

Situación laboral das mulleres en Galiza

Ano 2024

Gabinete Técnico Confederal

Situación laboral das mulleres en Galiza. Ano 2024

Unha das características do mercado laboral máis destacábel dos últimos anos é a masiva incorporación das mulleres ao traballo fóra do fogar e por conta allea. As mulleres son hoxe unha parte importante da forza de traballo: en Galiza son o 46,8% da poboación activa, pero a incorporación en termos de equidade e corresponsabilidade está sendo “complexo”.

Convén aclararmos o de “fóra do fogar e por conta allea”, xa que as mulleres en Galiza teñen unha longa tradición de traballar máis alá dos “labores do fogar”, pero sen ser recoñecido oficialmente, e polo tanto sen ser consideradas mulleres traballadoras.

Na medida en que o sector primario tivo un peso preponderante na economía galega -e tívoo ata o último terzo do SXX-, o papel da muller en labores agrícolas, gandeiras e mesmo pesqueiras foi moi importante, pero tamén moi invisibilizado. Eran elas, as mulleres, as que se ocupaban dunha parte moi importante dos traballos agrícolas (oficialmente baixo o eufemismo de axuda familiar, faceta que non é recoñecida, nin remunerada). Este tipo de traballo permitíalles, así mesmo, encargarse do coidado das nenas e nenos así como das persoas maiores dependentes, isto é, permitíalles coidar. Dobre traballo e dobre invisibilidade, e de aí que, na medida en que este modo de vida vai decaendo, os coidados convértense nun gran problema social.

É cando os coidados saen, aínda que parcialmente, da esfera privada, cando aumenta a taxa de actividade feminina. Medra tanto, porque “libera” as mulleres que antes coidaban as persoas dependentes para outro tipo de empregos, porque son tamén mulleres as que continúan con estes labores de coidados, pero agora fóra do fogar e, así, son consideradas persoas activas.

Todo o que ten que ver cos coidados segue tendo faciana de muller, pero van mudando as características destes.

No que vai de século, a taxa de actividade feminina aumentou máis de 8 puntos porcentuais, acadando preto do 50%, e recortando á metade a distancia que había con respecto a taxa de actividade masculina. De media, no ano 2000, a taxa de actividade feminina situábase no 41,7% da poboación activa; a masculina, no 61,8, máis de 20 punto de diferenza. Un cuarto de século despois, entre as mulleres aumentou máis de 8 puntos (ata o 49,4%) e entre os homes reduciuse en torno a 4 puntos, polo que á redución da fenda contribuíu tanto a medra de mulleres traballando ou dispostas a traballar, como o descenso de homes nesta situación.

Moito do incremento desta taxa de actividade, ten que ver, como se dicía antes, precisamente coa “externalización” dos coidados. Talvez non haxa máis mulleres que antes en todo o relacionado cos coidados, pero antes non se consideraba traballo por ser levado a cabo por familiares; e, agora, como son maioritariamente persoas alleas á familia -outras mulleres- si se contabiliza como traballo, ademais como traballo por conta allea. O incremento da ocupación no sector dos coidados explica nunha parte moi importante o incremento da taxa de actividade feminina.

Desde o ano 2010 -primeiro ano no que hai información desagregada por ramas de actividade e sexo- o 50% do emprego feminino que se creou foi na rama de sanidade e servizos sociais, onde están incluídos os empregos relacionados cos coidados.

É polo tanto evidente o papel que esta actividade económica tivo, e está tendo, no aumento do emprego “recoñecido”, entre as mulleres. Agora é emprego, maioritariamente por conta allea, visíbel, pero precario.

Así, nunca a situación das mulleres, no seu conxunto, mellora. Na medida en que algunhas son capaces de “escalar” na pirámide laboral cara a postos, categorías profesionais, actividades... menos precarias e con máis recoñecemento, outras veñen ocupar o seu espazo, perpetuando a precariedade laboral -tanto en condicións laborais como en salarios-, como un distintivo claramente feminino. Moitas destas mulleres agora son inmigrantes.

A precariedade laboral relaciónase coa parcialidade, a temporalidade e os baixos salarios. As mulleres concéntranse, en maior medida que os homes, en actividades e ocupacións con maior parcialidade (por exemplo, nos servizos sociais), pero ao mesmo tempo desenvolven en maior medida que os homes os contratos a tempo parcial. Unha parcialidade que é altamente involuntaria como se desprende dos datos da EPA: o 42% das mulleres por non atopar un traballo a xornada completa, e un 22% por atender a persoas dependentes.


Atallar a parcialidade involuntaria, sexa por coidados ou por outros motivos, é esencial se se quere reducir a precariedade laboral e a fenda de xénero.

Os datos de afiliación á Seguridade Social permítenos analizar, con bastante nitidez, esta situación para as mulleres traballadoras en Galiza.

Afiliación á Seguridade Social

Comezamos polo evolución da afiliación nos últimos anos, segundo o sexo da persoa afiliada.

No cadro seguinte, onde se proxecta a evolución dos incrementos na afiliación da última década, reflíctese claramente como as mulleres van tendo cada vez un maior peso.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Seguridade Social.

O maior incremento da ocupación feminina con respecto á masculina nos últimos anos está equilibrando o peso de ambos os sexos a nivel laboral. Desde o ano 2013, aumentou un punto porcentual a porcentaxe de mulleres no total da afiliación. No gráfico anterior, vese a evolución destes incrementos.

Globalmente, con respecto ao devandito ano, aumentou a afiliación de mulleres un 20,7%, mentres que a de homes, a medra foi do 15,6%. Máis de 5 puntos de diferenza a favor das mulleres no último decenio.

Desde o ano 2018 o incremento das mulleres na afiliación á SS foi superior ao de homes en todos os anos. No ano 2020, no que, a consecuencia da crise xerada pola Covid, a afiliación xeral descendeu, a caída entre as mulleres foi inferior.

O último ano tampouco foi unha excepción, e continuou aumentando en maior medida a afiliación de mulleres que de homes. Os datos son os seguintes:

Afiliación á Seguridade Social segundo sexo

	TODOS OS RÉXIMES			
	2023/12	2024/12	Evolución	
			Absoluta	%
Total	1.062.283	1.079.573	17.290	1,6%
Sexo				
Muller	523.878	533.363	9.485	1,8%
Varón	538.403	546.208	7.805	1,4%

Fonte: Seguridade Social.

Durante 2024 a medra da afiliación entre as mulleres foi do 1,8%, preto de 9.500 mulleres máis que en decembro de 2023 en alta laboral. Entre os homes o incremento da ocupación foi do 1,4%. A finais de 2024 o 49,4% das persoas afiliadas en alta laboral á SS en Galiza eran mulleres.

Non só importa o número, xa que igual de importantes son as condicións laborais nas que exercen o traballo.

Para analizarmos as condicións laborais das persoas traballadoras, imos ter en conta unicamente as afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social, que en definitiva son o tema de interese deste informe.

Dúas das condicións máis determinantes na situación laboral das persoas son o tipo de contrato e o tipo de xornada.

No que atinxe ao tipo de contrato empregado, se ben é certo que, desde a reforma laboral de finais de 2021, aumentou a contratación indefinida en xeral, tanto entre os homes como entre as mulleres, e descendeu a parcial, en termos comparativos, non se reduciron as grandes diferenzas existentes entre homes e mulleres. Todo o contrario, medraron as fendas de xénero no que respecta ás modalidades de contratación.

No cadro que se amosa a continuación, proporciónanse os datos da afiliación ao réxime xeral exclusivamente (nos restantes réximes son todas as persoas autónomas, practicamente), distribuída por tipo de contrato, xornada e sexo, comparando o peso que cada unha destas situacións ten no total en decembro de 2024 e decembro de 2021, mes anterior á entrada en vigor da reforma laboral, o que nos permite estudar a incidencia desta.

Coa reforma laboral aprobada a finais de 2021, a maior presenza de mulleres traballando como asalariadas en Galiza veu parella dun aumento da precariedade.

Afiliación ao réxime xeral da SS por tipo de contrato, xornada e xénero

	2021/12		2024/12		2021/12		2024/12	
	Galiza	Galiza		Muller	Varón			
TODAS	389.330	422.346	%/total		384.040	406.968	%/total	
INDEFINIDO-T. Completo	157.166	192.709	40,4%	45,6%	236.829	289.078	61,7%	71,0%
INDEFINIDO-T. Parcial	61.323	84.298	15,8%	20,0%	21.367	33.043	5,6%	8,1%
INDEFINIDO-Fixos Descontinuos	10.246	19.174	2,6%	4,5%	4.600	12.400	1,2%	3,0%
TEMPORAL-T. Completo	69.362	53.363	17,8%	12,6%	70.885	33.062	18,5%	8,1%
TEMPORAL-T. Parcial	45.600	19.337	11,7%	4,6%	24.032	11.342	6,3%	2,8%
APREND., FORMACIÓN e PRÁCT.	3.311	2.297	0,9%	0,5%	4.012	2.633	1,0%	0,6%
OUTROS	42.322	51.167	10,9%	12,1%	22.315	25.411	5,8%	6,2%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Seguridade Social.

En xeral, desde a reforma laboral, a modalidade de contrato que máis se incrementou foi o fixo-descontinuo (contrato que reduce estatisticamente a temporalidade, que non a parcialidade, da cal non temos datos para este tipo de contrato), tanto entre homes como entre mulleres. En conxunto medrou un 112% desde finais de 2021. A pesar de que, porcentualmente, aumentou máis o uso entre a poboación masculina, continúa sendo unha modalidade de contratación moi feminizada. O 60% dos contratos rexistrados baixo esta modalidade están subscritos por mulleres. O 4,5% das mulleres traballando en Galiza en decembro de 2024 tiñan un contrato deste tipo; no caso dos homes, só o 3% teñen asinado este tipo de contrato.

Esta modalidade de contratación considerada como indefinida, xunto aos indefinidos a xornada parcial, non deixan de ser unha forma encuberta de precariedade, xa que aínda que leven implícito o carácter estábel do contrato, non se reduce a parcialidade na contratación. É dicir, por ter un contrato indefinido, sexa temporal ou fixo-descontinuo, non se deixa de ser precario, xa que se non garante un tempo mínimo traballando que permita uns ingresos de subsistencia. De feito, cando analizamos os ingresos da clase traballadora, vemos como persiste unha cantidade inxente de persoas asalariadas con ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional, o que se explica pola elevada parcialidade na contratación.

A finais de 2021, antes da reforma, o 19,8% dos contratos indefinidos eran a xornada non completa (temporais ou fixos-descontinuos). A finais de 2024, esta porcentaxe incrementouse ata o 23,6%.

Se desagregamos por sexo, no caso das mulleres a porcentaxe de indefinidas a xornada non completa pasou do 31,2% ao 34,9%; entre os homes, aumentou de un 9,8% a un 13,5%. E aínda que medrou máis este tipo de contratación precaria entre os homes, o número de mulleres nesta situación case o triplica.

Outros datos que nos amosan esta precariedade máis encuberta, e con importantes fendas de xénero, son os seguintes:

- No ano 2024, sumando todos os tipos de contratos indefinidos, independentemente do tipo de xornada, o 70,1% das mulleres tiñan este tipo de contrato, fronte ao 82,2% dos homes, unha fenda de 12,1 puntos. No ano 2021, a diferenza era de 9,7 puntos. No 2023 había 11,7 puntos de fenda.
- Así, a porcentaxe de mulleres asalariadas con contrato temporal é do 29,9% en 2024. No caso dos homes é do 17,8%. Realmente esta taxa a que se debería considerar como taxa de temporalidade, xa que só inclúe as persoas asalariadas ao réxime xeral, excluindo os autónomos/as. Neste caso a taxa de temporalidade das mulleres supera en 12,1 puntos a dos homes. No ano 2023 a diferenza era de 11,7 puntos, polo tanto, incrementouse.
- Considerando só os contratos indefinidos a xornada completa, só o 45,6% das mulleres teñen este tipo de contrato fronte aos 71% dos homes, 25,5 puntos de diferenza. En 2021, a diferenza era de 21,3 puntos, polo que medrou a distancia en 4,2 puntos. E tamén aumentou con respecto ao ano anterior, 2023, onde a diferenza era de 4 puntos.
- No que atinxe aos indefinidos a tempo parcial, o 20% das mulleres dispoñen deste tipo de contrato fronte ao 8,1% dos homes. No caso das mulleres aumentou 4,2 puntos desde 2021; no caso dos homes a medra foi de 2,5 puntos. Esta evolución agrandou as diferenzas ata os 11,9 puntos, desde os 10,2 do ano 2021.
- No caso dos contratos fixos-descontinuos, a pesar de que porcentualmente aumentou máis entre os homes este tipo de contratación, son as mulleres as maioritarias neste tipo de contratación, xa que o 60% deste tipo de contratos está asinados por mulleres.

En resumo, a reforma laboral, presentada e “vendida” para rematar coa precariedade, especialmente entre as mulleres, non fixo máis que alongar as fendas de xénero existentes antes da aprobación desta.

Xunto ás mulleres, as persoas estranxeiras son o outro colectivo que permitiu incrementar a afiliación nos últimos anos en Galiza; de aí que na maior presenza feminina na afiliación ten moita importancia a chegada das mulleres inmigrantes. No último ano medraron un 13%. O 36% das novas mulleres afiliadas á SS, en 2024, en Galiza, eran estranxeiras.

Neste caso, aínda que é moi importante para os dous sexos a achega de persoal inmigrante, si se están incorporando máis homes estranxeiros que mulleres ao traballo en Galiza.

Os datos do último ano son os seguintes.

Poboación estranxeira afiliada en alta e por sexo

			Variación	
	2023/12	2024/11	Absoluta	%
TOTAL SEXO	59.234	67.923	8.688	15%
Muller	26.981	30.404	3.423	13%
Varón	32.253	37.518	5.265	16%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Seguridade Social.

Do total da poboación afiliada estranxeira, as mulleres representan o 45%.

En xeral, o 6% das mulleres afiliadas á SS son estranxeiras.

Ser muller e estranxeira multiplica exponencialmente a precariedade laboral e salarial. En xeral, e verémolo a continuación, os ingresos das persoas estranxeiras son sensibelmente inferiores aos das súas homólogas non estranxeiras; no caso das mulleres, o feito de ser estranxeira é sinónimo de precariedade.

Ingresos salariais

Para os datos de ingresos, utilizamos os facilitados pola Axencia Tributaria, que proporciona a través do estudo *Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias*.

Ao igual que no caso da afiliación á Seguridade Social, é unha estatística censal, é dicir, inclúe a toda a poboación afectada. Trátase, polo tanto, dunha base moi exhaustiva de información.

Convén lembrar, así mesmo, que se trata de ingresos brutos, é dicir, incluíndo as achegas á Seguridade Social e as retencións do IRPF.

Nesta estatística, o salario medio calcúlase como o cociente entre as masas declaradas de rendementos do traballo dividido polo número de perceptores, sen ter en conta o tempo efectivo de traballo, nin os días nin as horas traballadas.

O primeiro indicador que imos extraer desta fonte estatística é a fenda salarial de xénero. Para iso comezamos proporcionando os ingresos salariais medios de homes e mulleres nos últimos anos, o que nos permite calcular a fenda salarial e analizar a súa evolución.

Evolución de ingresos por xénero e fenda salarial

	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Fenda salarial de xénero	Diferenza en termos absolutos
Galicia					
2009	18.217	20.271	15.594	23,1	-4.677
2010	18.314	20.408	15.704	23	-4.704
2011	18.271	20.393	15.688	23,1	-4.705
2012	17.737	19.865	15.227	23,3	-4.638
2013	17.770	19.820	15.383	22,4	-4.437
2014	17.729	19.746	15.414	21,9	-4.332
2015	17.839	19.899	15.501	22,1	-4.398
2016	18.114	20.243	15.730	22,3	-4.513
2017	18.463	20.554	16.123	21,6	-4.431
2018	19.159	21.327	16.755	21,4	-4.572
2019	19.879	22.038	17.511	20,5	-4.527
2020	19.900	21.887	17.720	19	-4.167
2021	20.784	22.818	18.580	18,6	-4.238
2022	21.999	24.185	19.666	18,7	-4.519
2023	23.252	25.527	20.840	18,4	-4.687

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Trabajo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria.

Nos últimos anos vimos asistindo a unha leve redución da fenda salarial de xénero. No ano 2023, reduciuse 3 décimas con respecto a 2022.

Son varios os factores que contribuíron a este acercamento entre os ingresos salariais de mulleres e homes. Por un lado, o sector industrial vén perdendo peso no tecido produtivo galego a favor dos servizos; este sector -moi masculinizado e con salarios máis altos-, na medida en que perde peso fai que as diferenzas de ingresos se atenuen.

Nos últimos anos, o incremento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) tamén contribuíu a acurtar distancias. As modificacións do SMI afectan en maior medida as persoas de menores ingresos, especialmente as que os seus ingresos non superan o SMI; como no caso de Galiza, son maioritariamente as mulleres as que se atopan nesta situación, calquera modificación do SMI afecta a estas directamente, e en maior medida que aos homes, o que está contribuíndo a reducir a fenda salarial. No último ano, o incremento do SMI foi do 8%.

Durante 2023, os ingresos por salario medios das mulleres medraron un 6% acadando os 20.840€ brutos anuais. No caso dos homes, a medra foi do 5,5%, (acadando os 25.527€ brutos anuais), o que acurtou 3 décimas a fenda de xénero con respecto a 2022.

Aínda así, a diferenza da diminución porcentual non foi suficiente para acurtar a fenda en termos absolutos; todo o contrario, esta aumentou. En 2022 eran 4.519

euros os ingresos a maiores dos homes con respecto aos ingresos das mulleres; en 2023 esta cifra aumentou ata os 4.687€.

En termos absolutos, mantense a mesma diferenza que hai 10 anos.

Con respecto ao ano anterior, as diferenzas por razón de sexo, tanto da poboación asalariada, como dos ingresos medios por salario, foron as seguintes:

Poboación asalariada e SMA segundo sexo

Sexo	2022		2023		Variación	
	P. Asal	SMA	P. Asal	SMA	P. Asal	SMA
Total	1.067.825	21.999	1.083.004	23.252	1,4%	5,7%
Home	551.275	24.185	557.327	25.527	1,1%	5,5%
Muller	516.550	19.666	525.677	20.840	1,8%	6,0%
Fenda de xénero		18,7		18,4		

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Traballo e Pensiós nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria.

Tanto en poboación asalariada como en ingresos, aumentou máis entre as mulleres que entre os homes.

No que atinxe ao emprego a medra da poboación asalariada feminina foi dun 1,8%, fronte ao 1,1% que aumentou entre os homes.

No que atinxe aos ingresos, ao longo de 2023 o SMA das mulleres aumentou medio punto máis que o dos homes, o que fixo que a fenda salarial de xénero se reducise en 3 décimas, acadando o 18,4% fronte ao 18,7% do ano 2022.

A fenda salarial de xénero foi do 18,4% en 2023

Máis importante que o SMA, que ao final non é máis que unha media dos ingresos totais entre a poboación asalariada, é a distribución da poboación asalariada por tramos de ingresos. Tamén neste caso a Axencia Tributaria nos permite esta distribución repartindo a poboación en función dos ingresos con relación ao SMI. Reparte a poboación con ingresos procedentes do traballo, en función destes con relación ao SMI, colocando a cada contribuínte no tramo de ingresos correspondente.

Esta distribución permite ver as enormes diferenzas existentes por razón de sexo, ademais das propias diferenzas existentes entre as persoas do mesmo sexo.


Distribución da poboación asalariada por tramos de ingresos e sexo

	Distribución %		% total	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	51,5%	48,5%	100%	100%
De 0 a 0,5 SMI	44,5%	55,5%	14,4%	19,0%
De 0,5 a 1 SMI	40,0%	60,0%	13,5%	21,5%
De 1 a 1,5 SMI	52,0%	48,0%	26,6%	26,1%
De 1,5 a 2 SMI	60,6%	39,4%	18,7%	12,9%
De 2 a 2,5 SMI	56,7%	43,3%	9,3%	7,5%
De 2,5 a 3 SMI	56,1%	43,9%	7,0%	5,8%
De 3 a 3,5 SMI	55,3%	44,7%	3,7%	3,2%
De 3,5 a 4 SMI	62,8%	37,2%	2,2%	1,4%
De 4 a 4,5 SMI	63,4%	36,6%	1,3%	0,8%
De 4,5 a 5 SMI	62,1%	37,9%	0,9%	0,6%
De 5 a 7,5 SMI	62,7%	37,3%	1,8%	1,1%
De 7,5 a 10 SMI	75,7%	24,3%	0,4%	0,1%
Máis de 10 SMI	80,6%	19,4%	0,3%	0,1%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria

As mulleres van, paulatinamente, aumentando o peso no mercado laboral. No último ano, unha décima, ao pasar do 48,4% ao 48,5% en 2023 do total da poboación asalariada. Con todo, o preocupante é que a nova poboación asalariada feminina está entrando no mercado de traballo cuns ingresos moi cativos, xa que onde máis medra a devandita poboación é nos tramos de menores ingresos.

Distribución da poboación asalariada por tramos de ingresos e sexo



Este aumento de peso non minimiza a fenda existente na distribución da poboación por tramos de ingresos. Se xa era preponderante a presenza das mulleres nos tramos de menores ingresos, neste último ano a fenda con respecto ao homes aumentou:

- En 2022 as mulleres con ingresos inferiores ao SMI eran o 40,2%; no ano 2023, esta proporción aumentou ata o 40,5%, 3 décimas máis.
- No caso dos homes, os de ingresos inferiores ao SMI pasaron dun 29,1% en 2022, a un 27,9% en 2023, 1.2 puntos menos.

Os ingresos do 40,5% das mulleres asalariadas non acadaron o SMI

Vemos como entre os homes se reduce a presenza nos tramos de menores ingresos mentres que entre as mulleres, precisamente, é onde aumenta.

A partir deste nivel de ingresos, Ingresos por debaixo do SMI, tramo a tramo, vai diminuindo a presenza de mulleres e aumentando a de homes, a medida que aumentan os ingresos.

A partir de 5 veces o SMI, é cando a presenza de mulleres se reduce drasticamente con respecto á de homes, acadándose a distancia maior no tramo de maiores ingresos.

No último tramo, o de ingresos que superan en 10 veces o SMI, só son mulleres o 19,4%; o resto, 80,6% son homes. Un diferenza de 61,2 puntos porcentuais.

A distribución da poboación asalariadas feminina, por tramos de ingresos foi como segue en 2023:

	Asalariadas	SMA
Total tramos de salario	525.677	20.840
De 0 a 0,5 SMI	100.099	3.255
De 0,5 a 1 SMI	112.930	11.670
De 1 a 1,5 SMI	136.999	18.337
De 1,5 a 2 SMI	67.624	25.991
De 2 a 2,5 SMI	39.469	33.918
De 2,5 a 3 SMI	30.489	41.089
De 3 a 3,5 SMI	16.782	48.682
De 3,5 a 4 SMI	7.098	56.224
De 4 a 4,5 SMI	4.334	64.090
De 4,5 a 5 SMI	2.949	71.585
De 5 a 7,5 SMI	5.825	88.273
De 7,5 a 10 SMI	661	127.202
Máis de 10 SMI	418	351.143

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria

Ata aquí vimos as fortes desigualdades que hai con respecto aos homes. No cadro anterior tamén se reflicten as fortes diferenzas que hai entre as propias mulleres.

A medida que aumentan os ingresos, baixa o número de mulleres, concentrándose a maioría destas nos tres primeiros tramos, nos de menores ingresos. Concretamente no 66,5% das mulleres os ingresos brutos por salarios que percibiron en 2023 foron inferiores a 1,5 veces o SMI (menor de 18.337 € brutos); e inferiores ao SMA das mulleres nese ano, que como vemos foi de 20.840 euros brutos anuais.

De media, unha muller con ingresos superiores a 10 veces o SMI cobra o mesmo que 108 do primeiro intervalo, de menores ingresos.

As fortes diferenzas de ingresos con respecto aos homes, e entre elas mesmas, obedece a varias razóns: máis parcialidade e temporalidade na contratación, maior presenza nas actividades peor remuneradas, categoría profesional...

Para discernir que parte da diferenza de ingresos se debe ao traballo atípico, e que parte a categoría profesional, rama de actividade..., cruzamos os datos anteriores cos que tamén proporciona a Axencia Tributaria neste mesmo informe, nun apartado coñecido como Módulo Salarial.

No Módulo Salarial estímase os ingresos das persoas asalariadas se traballasen durante todo o ano e a tempo completo, co cal se elimina o nesgo que introduce a parcialidade e a temporalidade na contratación.

Así, no caso de que toda a poboación asalariada en Galiza traballase a tempo completo e durante todo o ano, a diferenza de salario entre homes e mulleres, é dicir, a fenda salarial de xénero situaríase no 7,7%, xa que os ingresos serían de 27.559 € no caso das mulleres e de 29.870€ no dos homes.

Este dato, comparado coa fenda salarial por ingresos (é dicir, tendo en conta os ingresos reais das persoas), que é do 18,4% para este mesmo ano, permítenos diferenciar que parte desta se debe a traballo atípico e que parte á rama de actividade ou categoría profesional en que as mulleres desenvolven a actividade laboral. Así, se foi o 18,4% que, de media, ingresaron menos as mulleres no ano 2023, 7,7 puntos débense ben á rama de actividade, ben á categoría profesional; e os restantes 10,7 p.p. débense á maior presenza da temporalidade na contratación e nas xornadas a tempo parcial das mulleres respecto dos homes, feito que quedou constatado ao analizar a afiliación á SS por tipo de contrato e xornada.

O traballo atípico das mulleres supón 10,7 puntos da fenda salarial

No que atinxe a rama de actividade, é perfectamente visíbel nos datos da seguinte táboa.

Poboación asalariada, SMA por sexo e rama de actividade

2023						
	Asalariados/as		Salario medio anual		Taxa feminización	Fenda de xénero
	Galiza		Galiza			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres		
Total sectores	557.327	525.677	25.527	20.840	48,5	18,4
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	19.327	5.253	19.460	15.678	21,4	19,4
Industria extractiva, enerxía e auga	8.504	2.218	32.971	27.535	20,7	16,5
Industria	91.399	41.414	28.232	21.742	31,2	23,0
Construción e actividades inmobiliarias	67.220	13.291	23.130	21.012	16,5	9,2
Comercio, reparacións e transporte	129.671	108.345	25.216	19.069	45,5	24,4
Información e comunicacións	17.023	9.673	32.171	25.289	36,2	21,4
Entidades financeiras e aseguradoras	8.407	10.260	44.212	33.625	55,0	23,9
Servizos ás empresas	66.133	77.064	21.393	15.888	53,8	25,7
Servizos sociais	95.128	182.266	32.474	27.202	65,7	16,2
Outros servizos persoais e de ocio	54.553	75.894	13.613	10.462	58,2	23,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria

Só hai catro actividades (todas do sector servizos) onde a presenza de mulleres é superior á dos homes; e en tres delas, danse as taxas de fenda salarial máis altas; a saber:

As catro actividades económicas nas cales as mulleres son maioría son: “entidades financeiras e aseguradoras”, “servizos ás empresas”, “servizos sociais” e “outros servizos persoais e de lecer”.

Exceptuando “servizos sociais”, onde están incluídas actividades como sanidade e educación, en que a presenza do sector público é elevada e as desigualdades salariais menores polo forte peso do persoal funcionario (a fenda salarial nesta rama é do 16,2%), nas tres ramas restantes a fenda salarial supera o 23%.

A fenda maior atópase en “servizos ás empresas”, onde acada o 25,7%. Nesta rama de actividade as mulleres representan o 53,8%, cuns ingresos medios de

15.888 euros brutos anuais. Os homes que prestan servizos nesta rama de actividade tiveron uns ingresos medios de 21.393 €.

Na rama “outros servizos persoais e de lecer”, as mulleres representan o 58,2% do total das persoas traballadoras nesta actividade, e os ingresos son un 23,1% inferiores aos dos homes. De media, os ingresos dunha muller traballadora nesta actividade foron 10.462 euros anuais, moi por debaixo do SMI. No caso dos homes traballadores desta rama, os seus ingresos, aínda que baixos, superaron o SMI; concretamente, 13.613 euros de media.

A rama onde se xeran os maiores ingresos é “entidades financeiras e aseguradoras”. Nesta rama, onde a presenza das mulleres acada o 55%, a fenda salarial é do 23,9%. De media, un traballador desta rama ingresa 10.587 euros máis que unha muller na mesma rama de actividade.

Outra rama de actividade coa fenda salarial elevada, do 24,4%, é en “comercio, reparacións e transporte”. Neste caso as mulleres representan o 45,5% das persoas traballadoras na rama.

A menor fenda salarial de xénero dáse no sector da construción, onde as mulleres ingresaron un 9,2% menos que os homes. Pero só un 16,5% das persoas traballadoras son mulleres do devandito sector.

En xeral, podemos afirmar que a maior presenza feminina nunha actividade, maior fenda salarial de xénero se dá.

O factor idade tampouco corrixe as diferenzas.

Poboación asalariada, SMA segundo sexo e idade

	2023				Fenda salarial
	Homes		Mulleres		
	Asalariados	Salario medio anual	Asalariadas	Salario medio anual	
Total idade	557.327	25.527	525.677	20.840	18,4
Menor de 18 anos	1.627	1.934	1.308	1.383	28,5
De 18 a 25 anos	50.084	9.629	45.037	7.559	21,5
De 26 a 35 anos	99.202	20.016	96.183	18.160	9,3
De 36 a 45 anos	140.983	23.246	137.022	21.570	7,2
De 46 a 55 anos	157.921	30.199	149.891	23.662	21,6
De 56 a 65 anos	98.931	30.734	89.286	24.954	18,8
Maior de 65 anos	8.579	28.661	6.950	19.527	31,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Traballo e Pensiós nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria

Aínda que existen importantes diferenzas na fenda de xénero entre as distintas cohortes de idade, en ningunha desaparece.

As diferenzas máis elevadas prodúcense entre a poboación de menor e maior idade.

Preocupa especialmente entre as de menor idade, xa que non se explica por nivel formativo, xa que en principio as mulleres teñen un nivel formativo superior aos homes neste grupo de idade. Se a formación non serve para corrixir as fendas, a esperanza de que estas vaian diminuíndo, desaparece.

Entre os 26 e os 46 anos danse as máis baixas, pero mantéñense próximas ao 10%.

Se ademais de muller es inmigrante, a precariedade laboral multiplícase.

Poboación asalariada e SMA segundo sexo e nacionalidade¹

	2022		2023		Variación	
	P. Asal	SMA	P. Asal	SMA	P. Asal	SMA
Home	551.275	24.185	557.327	25.527	1,1%	5,5%
N. Española	520.028	24.702	524.287	26.059	0,8%	5,5%
N. estranxeira	31.247	15.582	33.040	17.082	5,7%	9,6%
Muller	516.550	19.666	525.677	20.840	1,8%	6,0%
N. Española	491.609	20.109	498.351	21.309	1,4%	6,0%
N. estranxeira	24.941	10.938	27.326	12.289	9,6%	12,4%
Total	1.067.825	21.999	1.083.004	23.252	1,4%	5,7%
N. Española	1.011.637	22.470	1.022.638	23.744	1,1%	5,7%
N. estranxeira	56.188	13.520	60.366	14.912	7,4%	10,3%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Trabajo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria.

Cómpre recordar que, cando se fala de nacionalidade española -tal e como a definen as fontes oficiais-, non só están incluídos os galegos e galegas, senón a poboación do resto do Estado que traballa en Galiza, así como a de dobre nacionalidade. Este último colectivo en Galiza é moi abundante, xa que, ás que van adquirindo a nacionalidade cada ano, temos que sumar o importante número de persoas descendentes de emigrantes que hai neste momento, e que polo tanto teñen dobre nacionalidade.

Durante 2023, tanto no que atinxe á poboación asalariada como ao SMA, os maiores incrementos producíronse entre a poboación con nacionalidade estranxeira. Globalmente, entre o poboación con nacionalidade estranxeira, o número de persoas declarantes á Axencia Tributaria medrou un 7,4% con

¹ (*) A nomenclatura correspóndese coa orixinal publicada nas fontes oficiais.

respecto a 2022 (entre o resto , un 5,7%); no que atinxe ás mulleres a medra foi do 9,6%. A presenza de homes estranxeiros aumentou un 5,7%.

Cruzando sexo e nacionalidade, atopámonos cos enormes fendas de ingresos por salarios.

Os maiores ingresos percíbenos os homes con nacionalidade española (26.059 € brutos anuais). E os menores, son para as mulleres estranxeiras, entre as cales os ingresos brutos no ano non acadaron, de media, nin tan sequera o SMI (concretamente 12.289 €). É dicir, o salario dun home con nacionalidade española é máis do dobre do dunha muller estranxeira.

A fenda salarial por nacionalidade sitúase no 37,2%. No ano anterior era do 39,8%.

A nivel provincial tamén se marcan diferenzas de ingresos importantes. Nas catro provincias as mulleres teñen ingresos inferiores aos dos homes.

Velaquí os datos por provincias:

	Persoas asalariadas		Salario medio anual		
	Galiza		Galiza		Fenda
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
A Coruña	238.648	225.690	27.407	22.126	19,3
Lugo	61.619	59.477	23.588	20.231	14,2
Ourense	55.376	52.528	22.773	20.103	11,7
Pontevedra	201.684	187.982	24.650	19.694	20,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Trabajo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria.

As traballadoras na provincia de Ourense son as que tiveron uns menores ingresos no último ano, e tamén onde a diferenza con respecto ao homes é menor, concretamente, a fenda de xénero provincial é do 11,7%.

Varias son as razóns que explican esta situación. Na provincia de Ourense, teñen un peso maior que nas restantes as persoas que traballan no sector público, o que como xa se comentou acurta as distancias de ingresos, xa que entre o funcionariado as diferenzas de ingresos son menores. Por outra banda, canto menores son os salarios medios (e nesta provincia son os máis cativos de toda Galiza), tamén menores son as diferenzas, e máis inflúe o SMI como nivelador de ingresos.

A maior fenda salarial de xénero dáse na provincia de Pontevedra; aínda que non é a de maiores ingresos, si é onde o peso do sector industrial é maior, e nel a fenda é moi elevada.

Para o resto das variábeis que interveñen no mercado laboral, (poboación activa, inactiva, poboación parada...) imos utilizar os datos que nos facilita a Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Enquisa de Poboación Activa

Actividade, ocupación e paro.

Comezamos coa evolución das principais variábeis que esta enquisa nos proporciona.

Principais variábeis. Datos en miles

	2023	2024	Variación	
			Absoluta	%
Total				
Total	2.358,80	2.372,00	13,20	0,6%
Homes	1.124,60	1.130,90	6,30	0,6%
Mulleres	1.234,20	1.241,10	6,90	0,6%
Poboación activa				
Total	1.250,00	1.262,30	12,30	1,0%
Homes	643	648,6	5,60	0,9%
Mulleres	607	613,7	6,70	1,1%
Poboación ocupada				
Total	1.128,50	1.144,00	15,50	1,4%
Homes	585,6	591,7	6,10	1,0%
Mulleres	543	552,2	9,20	1,7%
Poboación parada				
Total	121,4	118,3	-3,10	-2,6%
Homes	57,4	56,9	-0,50	-0,9%
Mulleres	64	61,5	-2,50	-3,9%
Poboación inactiva				
Total	1.108,80	1.109,70	0,90	0,1%
Homes	481,5	482,3	0,80	0,2%
Mulleres	627,3	627,4	0,10	0,0%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE.INE

No ano 2024, de media produciuse un aumento da poboación de máis de 65 anos en Galiza, cunha presenza lixeiramente maior de mulleres que de homes entre esta nova poboación.

A maioría desta nova poboación pasou a incrementar a poboación activa, que se incrementou un 1%, sendo maior, tamén neste caso, a presenza de mulleres que de homes nesta nova incorporación.

Tamén no que atinxe á poboación ocupada se incrementou máis a poboación ocupada feminina que a masculina, un 1,7% entre as mulleres e un 1% entre os homes. Por conseguinte, a poboación parada descendeu máis entre as mulleres.

No que atinxe á poboación inactiva medrou máis entre os homes.

Analizando máis polo miúdo estas variábeis, e comezando pola poboación activa, os resultados son os seguintes:

Poboación activa

A medra de poboación activa feminina no ano 2024 débese única e exclusivamente á chegada de mulleres inmigrantes.

Poboación activa segundo sexo e nacionalidade

	Total		Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
Total				
Homes	643	648,6	5,60	0,9%
Mulleres	607	613,7	6,70	1,1%
Española e dobre nacionalidade				
Homes	600,2	604	3,80	0,6%
Mulleres	564,1	563,4	-0,70	-0,1%
Estranxeira				
Homes	42,8	44,6	1,80	4,2%
Mulleres	42,9	50,3	7,40	17,2%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

Se non fose pola inmigración, continuaría a caída da poboación que se converteu en tónica xeral nos últimos anos.

Durante 2024, e no caso das mulleres, só contribuíu á medra da poboación activa feminina a chegada de mulleres estranxeiras.

Non debemos esquecer que, dentro do que se considera nacionalidade española ou dobre nacionalidade, están incluídas non só as persoas nadas en Galiza,

senón tamén noutras partes do Estado español, así como as persoas con dobre nacionalidade. No caso de Galiza, dada a forte historia emigrante que ten, son moitas as persoas que hoxe residen en Galiza con dobre nacionalidade, por seren descendentes de persoas galegas aínda que o seu lugar de nacemento estea fóra das nosas fronteiras. De aí que moitas de persoas que sustentan a poboación activa galega hoxe son nadas no estranxeiro, pero non consideradas persoas estranxeiras.

Aclarado este termo, o incremento en 6.700 persoas da poboación activa feminina débese ás 7.400 mulleres estranxeiras, que compensou a caída de 700 mulleres en activo non estranxeiras.

Entre os homes medrou a poboación activa entre todas as nacionalidades.

O 8,3% das mulleres en activo en Galiza son estranxeiras. No caso dos homes o 6,8%.

A pesar da chegada de poboación estranxeira, normalmente poboación máis xove, non se dá freado o avellentamento da poboación activa, que continúa a un ritmo preocupante.

Poboación activa segundo idade e sexo

	2023	2024	Variación	
			Absoluta	%
Total				
Total	1.250,00	1.262,30	12,30	1,0%
Homes	643	648,6	5,60	0,9%
Mulleres	607	613,7	6,70	1,1%
de 16 a 24 anos				
Total	61,4	66,6	5,20	8,5%
Homes	34,1	37,8	3,70	10,9%
Mulleres	27,3	28,9	1,60	5,9%
de 25 a 54 anos				
Total	910,1	907,5	-2,60	-0,3%
Homes	466,2	463,1	-3,10	-0,7%
Mulleres	443,9	444,3	0,40	0,1%
de 55 e máis anos				
Total	278,5	288,2	9,70	3,5%
Homes	142,7	147,7	5,00	3,5%
Mulleres	135,8	140,5	4,70	3,5%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE.INE

A pesar de que durante 2024 o incremento da poboación activa entre as persoas máis novas foi importante (un 8,5% máis de persoas en activo de entre 16 a 24 anos), a maioría da medra produciuse entre as persoas con máis de 55 anos, concretamente o 79% das novas persoas en activo tiñan máis desa idade.

Así, en xeral, o 22,8% da poboación activa en Galiza ten máis de 55 anos. Neste caso, as diferenzas por razón de sexo non son destacábeis.

No que atinxe á actividade, tan importante como o número absoluto, é a taxa de actividade, é dicir, que porcentaxe de poboación en idade de traballar, está traballando ou buscando emprego activamente (está ocupada ou parada). Neste caso, as diferenzas por idades son moi elevadas, e obedecen a factores diversos. Entre a poboación máis nova ten moita incidencia, a parte da mesma que se mantén no sistema formativo, e polo tanto non é considerada poboación activa. Entre as persoas de máis idade, e froito do pasado, entre as mulleres ten un peso importante o “labores do fogar”, que tampouco é considerada poboación activa...

Taxa de actividade segundo idade e sexo

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza
Total	53,2	57,3	49,4	-7,9
de 16 a 19 anos	9,3	11,4	7,2	-4,2
de 20 a 24 anos	48,7	52,9	44,2	-8,7
de 25 a 29 anos	83,2	80,9	85,6	4,7
de 30 a 34 anos	88	90,8	85,2	-5,6
de 35 a 39 anos	90,2	93,7	86,7	-7
de 40 a 44 anos	90,3	92	88,7	-3,3
de 45 a 49 anos	87,8	89,5	86	-3,5
de 50 a 54 anos	83,1	87,6	78,8	-8,8
de 55 a 59 anos	73,3	77,7	69,1	-8,6
de 60 a 64 anos	55,4	59,5	51,7	-7,8
de 65 e máis anos	4	4,5	3,5	-1

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE.INE

En xeral, de media, a diferenza entre a taxa de actividade feminina e a masculina é de 7,9 puntos (no ano 2023 era de 7,7 puntos), debido a que entre as mulleres só o 49,4% están en activo, fronte ao 57,3% dos homes.

Se comparamos coa media do Estado español ou coa Unión Europea, en ambas as comparativas saímos perdendo. De media, a taxa de actividade feminina é 4 puntos inferior en Galiza.

Desagregando por idade, en todas as cohortes, a taxa de actividade masculina supera amplamente a feminina. As diferenzas maiores danse a partir dos 50 anos, onde a fenda é superior a 8 puntos.

Entre as persoas de 40 a 50 anos, estímense as diferenzas menores; aínda así, superan os 3 puntos.

Unha cousa é estar en activo, e outra ter un emprego. A situación da poboación ocupada é como segue:

Poboación ocupada

Son 9.200 as mulleres que incrementaron a ocupación en Galiza no ano 2024, 1,7% máis que no ano anterior. A maioría ten máis de 55 anos.

	Mulleres		Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
Total	543	552,2	9,20	1,7%
De 16 a 24 anos	20,4	20,6	0,20	1,0%
De 25 a 34 anos	89,5	91,3	1,80	2,0%
De 35 a 44 anos	141,1	139,3	-1,80	-1,3%
De 45 a 54 anos	168,1	172,1	4,00	2,4%
De 55 e máis anos	123,9	128,9	5,00	4,0%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

A pesar de que tamén entre a poboación feminina máis nova aumentou a ocupación no último ano, foi entre as de máis de 45 anos onde se produciu o groso dos novos empregos.

Preto da terceira parte das mulleres ocupadas en Galiza ten máis de 55 anos.

Así, o 54,5% das mulleres empregadas en Galiza teñen máis de 45 anos. É o que é máis preocupante, o 23,3% teñen máis de 55 anos.

O avellentamento non é maior grazas á cada vez maior presenza de mulleres estranxeiras, que en xeral son máis novas.

No último ano, a distribución das mulleres ocupadas segundo sexan estranxeiras ou non é como segue:

Ocupadas segundo nacionalidade

	Mulleres		Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
Total				
Total	543	552,2	9,20	1,7%
Española e dobre nacionalidade	510,6	512,9	2,30	0,5%
Estranxeira: Total	32,4	39,3	6,90	21,3%
Estranxeira: Unión Europea	5,2	9,2	4,00	76,9%
Estranxeira: América Latina	21,6	26,6	5,00	23,1%
Resto do mundo	5,6	3,5	-2,10	-37,5%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE.INE

Aínda que tamén se incrementou a poboación feminina ocupada non estranxeira, a meirande parte das novas mulleres con emprego en Galiza no ano 2024 teñen nacionalidade estranxeira, concretamente o 75%. Con respecto ao ano 2023, aumentaron un 21,3%

Con este novo incremento, o 7,3% das mulleres ocupadas en Galiza teñen nacionalidade estranxeira.

A maior presenza das inmigrantes non só axuda a incrementar as cifras de ocupación senón que tamén atenúa o avellentamento da poboación ocupada, xa que a é xente máis nova a que se incorpora ao mercado de traballo.

De feito, cruzando idade e nacionalidade, entre as mulleres estranxeiras, medra a ocupación entre as menores de 44 anos, e descende a partir desta idade. No caso do resto, é ao contrario, medra a ocupación feminina a partir dos 45 anos.

No que atinxe ao sector de actividade, a evolución é como segue:

Mulleres ocupadas segundo sector de actividade

	Mulleres		Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
Total	543	552,2	9,20	1,7%
S. agrario	19,4	21,4	2,00	10,3%
Pesca	4,1	3,9	-0,20	-4,9%
Industria	51,6	52,1	0,50	1,0%
Construción	6,3	7,3	1,00	15,9%
Servizos	461,6	467,6	6,00	1,3%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

En termos absolutos, un ano máis, a maioría do emprego creado en Galiza entre as mulleres foi no sector servizos. Con esta evolución, xa o 84,7% das mulleres


ocupadas en Galiza están nalgunha das actividades encadradas no sector servizos.

O 84,7% das mulleres ocupadas en Galiza están no sector servizos

Con todo, é certo que durante 2024, salvo na pesca, no resto dos sectores medrou o emprego feminino.

No gráfico seguinte apréciase claramente a distribución por sexos na ocupación.

Distribución porcentual da ocupación por sectores



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA.

Aínda que, tanto entre os homes como entre as mulleres, é o sector servizos onde máis persoas ocupadas hai, as diferenzas entrambos os sexos son importantes.

No caso das mulleres, o peso da ocupación no sector servizos é preponderante. Así, preto de 1 de cada 9 traballa nalgunha das actividades encadradas neste sector.

No que atinxe aos homes, aínda que tamén o sector que acolle a maioría é o de servizos, neste caso redúcese ao 57% dos homes.

O segundo en importancia tanto para homes como para mulleres é o industrial, pero neste caso a presenza dos homes máis que duplica a das mulleres. Mentres que o 22,2% dos homes traballaron no sector industrial, no caso das mulleres, só o 9,4% destas traballou nalgunha rama do sector industrial.

Como xa se viu nos datos da Axencia Tributaria, a presenza das mulleres é maioritaria naquelas ramas de actividade de menores ingresos.

Xunto á rama de actividade, outro factor determinante nos ingresos é a ocupación que desempeñan no organigrama das empresas.

A distribución da ocupación por sexos é como segue:

	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
		2024		
Total	1.144,00	591,7	552,2	48,3
Militares	5,2	4,4	0,8	15,4
Directoras/es e xerentes	27,2	18,9	8,4	30,9
Técnicos/as e profesionais	207,1	79,9	127,2	61,4
Profesionais de apoio	140,2	81,1	59	42,1
Empregados/as contábeis, administrativos/as	98,2	29,9	68,4	69,7
Traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras/es	245,8	81,7	164,1	66,8
Traballadoras/es cualificadas/os no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	56,5	34,5	22	38,9
Artesáns e traballadoras/es cualificadas/os das industrias manufactureiras e a construción	154,1	139,2	14,8	9,6
Operadoras/es de instalacións e maquinaria, e montadoras/es	95,3	78,4	16,9	17,7
Ocupacións elementais	114,3	43,6	70,7	61,9

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

O maior nivel de formación que en xeral teñen as mulleres non se reflicte como debería nas distribución segundo sexo e categoría profesional. En principio, entre directores/as e xerentes/as, só son mulleres o 30,9%.

Talvez este maior nivel formativo se vexa reflectido no grupo de técnicas e profesionais; neste caso, o 61,4% das persoas nesta categoría son mulleres.

En traballos administrativos e de restauración, persoais... si son maioría as mulleres.

O 30% das mulleres traballan en empregos relacionados coa restauración, comercio, etc., e a ocupación maioritaria.

No caso dos homes, a ocupación que abrangue un número maior é a de traballadores cualificados na industria e construción.

No que atinxe á categoría profesional. A distribución segundo sexo é como segue a continuación:

Persoas ocupadas por categoría profesional

	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
	2024	2024	2024	
	Total			
Total	1.144,00	591,7	552,2	48,3
Empresario/a con asalariados/as	63,8	39,2	24,6	38,6
Traballador /a independente ou empresario/a sen asalariados/as	141,7	81,5	60,2	42,5
Membro dunha cooperativa	0,8	0,6	0,2	25,0
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,5	1,3	1,2	48,0
Asalariado/a do sector público	191,9	75,4	116,5	60,7
Asalariado/a do sector privado	742,9	393,5	349,4	47,0
Outra situación	0,4	0,2	0,2	50,0

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

Só entre as persoas traballadoras do sector público son maioría as mulleres; concretamente, neste caso, o 60,7% das empregadas son mulleres.

Onde menos representación feminina se estima é entre as persoas membros de cooperativas, onde a presenza de mulleres unicamente é do 25%.

Isto fai que entre as mulleres abunden máis as asalariadas que entre os homes. Do total da persoas ocupadas, no caso das mulleres son asalariadas o 84,3%; no caso dos homes a porcentaxe descende ata o 79,2%.

Con respecto a 2023, case todo o aumento da ocupación se produciu entre a poboación asalariada.

Centrándonos na poboación asalariada, a distribución desta segundo a xornada que realicen e o tipo de contrato é como segue:

Poboación asalariada segundo tipo de xornada

	Total		Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
Total				
Total	918,5	934,8	16,30	1,8%
Homes	459,1	468,9	9,80	2,1%
Mulleres	459,3	465,9	6,60	1,4%
Completa				
Total	781,6	803	21,40	2,7%
Homes	425,8	438,1	12,30	2,9%
Mulleres	355,8	365	9,20	2,6%
Parcial				
Total	136,8	131,8	-5,00	-3,7%
Homes	33,3	30,8	-2,50	-7,5%
Mulleres	103,5	101	-2,50	-2,4%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

No último ano produciuse unha redución da poboación asalariada traballando a xornada parcial e incrementouse os e as traballadoras con xornada completa. Aínda así, o peso das xornadas parciais entre as mulleres continúa sendo moi importante.

Durante 2024, o 21,7% das mulleres tiveron unha xornada de traballo a tempo parcial; no caso dos homes só foi o 6,6%.

O 76,6% dos traballos a xornada parcial foron feitos por mulleres.

O 76,6% das persoas asalariadas en Galiza a xornada parcial son mulleres

A preponderancia das mulleres nos traballos a xornada parcial non é elixida. Os motivos polo que as persoas están a xornada parcial amósanse a continuación:

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada

	2024			Homes %Total	Mulleres %Total
	Total	Homes	Mulleres		
Total	154,1	39,2	115	100,0%	100,0%
Seguir cursos de ensinanza ou formación	12,5	6,1	6,4	15,6%	5,6%
Enfermidade ou incapacidade propia	4	1,9	2,1	4,8%	1,8%
Coidado de crianzas ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores	27,6	2,1	25,5	5,4%	22,2%
Outras obrigas familiares ou persoais	8,5	1,6	6,9	4,1%	6,0%

Non poder atopar un traballo de xornada completa	66,7	18,2	48,5	46,4%	42,2%
Non querer un traballo de xornada completa	19,4	3,7	15,7	9,4%	13,7%
Outras razóns	14,5	5,2	9,3	13,3%	8,1%
Non sabe o motivo	0,9	0,4	0,6	1,0%	0,5%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

Non poder atopar un traballo a xornada completa continúa ser o principal motivo de traballar a xornada parcial tanto para homes como para mulleres; en ambos os casos superan o 40% as persoas que alegan este motivo para non traballar máis horas.

As diferenzas comezan a partir de aquí. Para os homes, o segundo motivo alegado é o de seguir cursos de ensinanza ou formación, un 15,6% (mulleres que aleguen esta razón son apenas o 5,6%). Para as mulleres é o coidado de menores ou adultos dependentes o que as priva dun traballo a tempo completo; concretamente é o que expresan o 22,2% destas. Unicamente o 5,4% dos homes alegan esta razón.

Os últimos datos publicados polo Instituto das Mulleres, no informe “Mujer en cifras”, corroboran o anterior, ao cuantificar que, das persoas que en Galiza durante 2022 estiveron en excedencia por coidado de fillos, o 88% foron mulleres. No caso de coidado de familiares, a porcentaxe de mulleres foi do 78,6%.

Outro dato que afonda na parcialidade é o de número de horas traballadas na semana de referencia. Esta táboa, que expomos a continuación, amosa con claridade a diferenza entre homes e mulleres:

Poboación ocupada segundo horas efectivas traballadas na semana de referencia segundo sexo

	2024			
	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Total	1.144,00	591,7	552,2	48%
0 horas	149,1	70,9	78,2	52%
De 1 a 19 horas	65,6	20,3	45,3	69%
De 20 a 29 horas	105,5	39,4	66,1	63%
De 30 a 39 horas	262,8	112,7	150,1	57%
De 40 a 49 horas	435,3	271,5	163,8	38%
De 50 a 59 horas	53,7	33,3	20,4	38%
De 60 a 69 horas	20,7	12,6	8,1	39%
De 70 a 79 horas	17,8	10,8	6,9	39%
Máis de 79 horas	7,4	4,9	2,5	34%
Non pode precisar. Non sabe	26	15,2	10,8	42%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

Aínda que as mulleres representan o 48% das persoas traballadoras en Galiza no ano 2024, cando se distribúe a poboación ocupada en función das horas traballadas, son maioría nos tramos de menos horas traballadas.

Entre 1 e 19 horas traballadas na semana, son mulleres o 69% das persoas ocupadas neste intervalo. No seguinte, persoas que traballaron entre 20 e 29 horas, o 63% son mulleres. Tamén do grupo de entre 30 e 39 horas semanais traballadas son maioría as mulleres, neste caso o 57% do total.

A partir de 40 horas semanais, o peso das mulleres queda por debaixo do 40% en todos os intervalos.

A moitas mulleres o tema dos coidados impídelles directamente traballar, nin tan sequera o solucionan cunha excedencia.

Así, as razóns de inactividade alegadas no último ano confirman esta aseveración.

Poboación inactiva

Seguindo cos datos do Instituto das Mulleres, e para 2023, no Estado español o 86,6% das persoas que deixaron o traballo para coidar familiares foron mulleres.

No caso de estar inactivos/as e non buscar traballo por estar coidando dependentes, o 90,7% son mulleres.

As causas da inactividade en Galiza por sexo é como segue

	Total	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
	2024	2024	2024	%Total	%Total
Total	1.109,70	482,3	627,4	100,0%	100,0%
Estudante	173,2	81,2	92	16,8%	14,7%
Xubilado/a	537,4	295,6	241,8	61,3%	38,5%
Labores da casa	162,6	19	143,6	3,9%	22,9%
Incapacitado permanente	62,4	34,7	27,7	7,2%	4,4%
Percibindo unha pensión distinta da xubilación	145,2	31,8	113,4	6,6%	18,1%
Outra	15,2	9,6	5,6	2,0%	0,9%
Non sabe. Non refire estado de inactividade	13,7	10,5	3,3	2,2%	0,5%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

O peso das mulleres entre a poboación inactiva é elevado. Así, o 62% das persoas inactivas en 2024 eran mulleres.

As causas de inactividade difiren amplamente entre homes e mulleres, aínda que para uns e outras estar xubilado ou xubilada é a causa maioritaria de inactividade. Así, mentres o 61,3% dos homes alegan esta causa, entre as mulleres esta cifra é do 38,5%.

A segunda causa de inactividade feminina é a de “labores da casa”, motivos que aducen o 22,9% das mulleres inactivas. No caso dos homes, só o 3,9% se atopan nesta situación. O 88% das persoas estimadas dentro da categoría de labores da casa son mulleres.

Onde máis similitudes hai por sexo é no apartado de estudantes, onde as diferenzas son mínimas. O 16,8% dos homes e o 14,7% das mulleres alegan esta razón de inactividade.

Poboación parada

Durante 2024, de media, reduciuse a poboación parada en Galiza un 2,6%. Este descenso favoreceu en maior medida as mulleres respecto dos homes. Malia o descenso, si se produciu unha forte ralentización da caída (en 2023 descendera un 11%).

Poboación parada segundo sexo

	2023	2024	Variación	
			Absoluta	%
Total	121,4	118,3	-3,10	-2,6%
Homes	57,4	56,9	-0,50	-0,9%
Mulleres	64	61,5	-2,50	-3,9%

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

Dada esta evolución, a diferenza entre mulleres en situación de desemprego estase aproximando. En 2024, son mulleres o 52% das persoas paradas.

Así, as taxas de paro, quedan como segue:

Taxa de paro segundo sexo

	2023	2024
Total	9,7	9,4
Homes	8,9	8,8
Mulleres	10,5	10

Fonte: Enquisa de Poboación activa. IGE. INE

A taxa de paro xeral reduciuse en 3 décimas. No caso das mulleres esta redución foi de medio punto, o que sitúa a taxa de paro feminina no 10%. Entre os homes a taxa de paro é do 8,8%.

Pensionistas e pensións medias

A pensión ímola construíndo ao longo da vida laboral. Se a vida laboral é precaria, á hora da xubilación, ou de cobrar outra tipo de pensión, esta precariedade multiplícase. No caso das mulleres queda patente.

Comezamos polo máis elemental, pensionistas por sexo e importe medio:

Pensións contributivas e pensión media

	Número	Importe medio (euros)
	Galiza	
2023		
Ambos os sexos	775.817	1.026,32
Homes	355.685	1.254,78
Mulleres	420.130	832,9
Fenda das pensións		33,6

Fonte: Seguridade Social. Estadísticas de pensiones.

A 31 de decembro de 2023, había 775.817 persoas cobrando una pensión contributiva en Galiza, cunha percepción media de 1.026,32 euros.

A diferenza por sexo do importe medio das pensións evidencia como a maior precariedade que sofren as mulleres no período laboral, e que analizamos nos apartados anteriores, ten unha consecuencia directa á hora da xubilación. E maniféstase na elevada fenda das pensións, que no ano 2023 acadou o 33,6%.

A fenda de xénero das pensións é do 33,6%

Esta fenda é tan elevada que, a pesar de aumentar máis porcentualmente a pensión das mulleres respecto á dos homes, en termos absolutos a diferenza incrementase.

	Importe medio (euros)		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2022	936,94	1.148,28	757,05
2023	1.026,32	1.254,78	832,9
Variación %	9,5	9,3	10,0

Fonte: Seguridade Social. Estadísticas de pensiones.

En termos absolutos, son 421,88 euros o que unha muller cobra ao mes menos que un home. No ano 2022, esta diferenza era de 391,23 euros.

Non só a precariedade senón tamén a clase de pensión marca importantes diferenzas; e as mulleres son maioría nas clases de menor contía.

Pensionistas segundo clase de pensión

	Número			
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	
	2023	2023	2023	Taxa de feminización
Total	775.817	355.685	420.130	54,2
Incapacidade permanente	73.259	46.503	26.756	36,5
Xubilación	487.998	275.418	212.579	43,6
Viuvez	184.384	18.783	165.600	89,8
Orfandade	23.300	12.403	10.897	46,8
Favor familiares	6.876	2.578	4.298	62,5

Fonte: Seguridade Social. Estadísticas de pensiones.

Pensionistas segundo importe medio por clase de pensión

	Importe medio (euros)		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
	2023		
Total	1.026,32	1.254,78	832,9
Incapacidade permanente	1.014,47	1.074,29	910,5
Xubilación	1.174,02	1.377,75	910,08

Viuvez	724,98	503,88	750,05
Orfandade	473,28	472,9	473,7
Favor familiares	623,97	605,27	635,2

Fonte: Seguridade Social. *Estadísticas de pensiones.*

As mulleres son maioría nas dúas clases de importe medio da pensión máis baixo (salvo orfandade), viuvez na cal o 89,8% son mulleres, e na de a favor de familiares, cunha taxa de feminización do 62,5%.

Ademais, en todas as clases o importe da pensión é menor entre as mulleres, agás na de viuvez, en que é inferior a dos homes. O cálculo desta ten como base as cotizacións do cónxuxe, e de aí esta diferenza a favor das mulleres.

Estas menores pensións débense ás menores bases de cotización e aos menos anos cotizados.

Comezando polos anos cotizados, as diferenzas comezan xa nada máis incorporarse ao traballo:

Anos cotizados segundo sexo e idade

	2022			Diferenza mulleres /homes
	Total	Homes	Mulleres	
Menor de 25 anos	1,2	1,3	1,1	-0,2
De 25 a 34	5,4	5,6	5,1	-0,5
De 35 a 44	13,47	14,23	12,68	-1,55
De 45 a 54	20,53	22,39	18,6	-3,79
De 55 a 64	27,35	30,62	23,95	-6,67
Máis de 65	30,1	35,9	24,4	-11,5

Fonte: IGE. Mostra continua de vidas familiares.

Entre as persoas menores de 25 anos xa se rexistra unha diferenza de 2 meses; é dicir, de media, as mulleres menores de 25 anos teñen cotizados dous meses menos que os homes da mesma idade.

A medida que aumenta a idade, as diferenzas vanse incrementando. Así, ao chegar aos 65 anos, idade de xubilación para algunhas, próxima para outras, a diferenza acada os 11 anos e 5 meses.

Se aos menores anos de cotización lles sumamos unhas menores bases, temos o “caldo de cultivo” perfecto para unhas cativas pensións.

No que atinxe ás bases de cotización só se ten en conta a das persoas afiliadas ao réxime xeral.

Bases de cotización por idade e sexo

	2022			
	Total	Homes	Mulleres	Diferenza mulleres/homes
Total	1.786	1.933	1.648	-285
De 16 a 24 anos	1.147	1.220	1.065	-155
De 25 a 34 anos	1.610	1.682	1.543	-139
De 35 a 44 anos	1.840	2.002	1.696	-306
De 45 a 54 anos	1.924	2.132	1.735	-397
De 55 a 64 anos	1.979	2.170	1.794	-376
65 ou máis anos	1.973	2.198	1.782	-416

Fonte: IGE. Mostra continua de vidas familiares.

A diferenza media entre o que cotiza unha muller e un home é de 285 euros ao mes.

Ao igual que ocorre cos anos de cotización, a medida que aumenta a idade das persoas, aumenta a fenda entre mulleres e homes: entre as menores de 24 anos a diferenza é de 155 euros ao mes. Así, ao chegar aos 65 anos, idade de xubilación para algunhas, próxima para outras, a diferenza acada os 416 euros mensuais.

Cómpre reducir a fenda salarial de xénero, reducir as xornadas parciais e a temporalidade entre as mulleres traballadoras, para evitar non só a desigualdade presente, senón garantir unha xubilación digna.

A situación das mulleres con pensións non contributivas (por non ter suficientes anos cotizados ou por outras razóns) aínda é máis precaria.

Pensión e prestacións non contributivas

	2023		RISGA	AIS
	Invalidez	Xubilación		
Total	12.544	24.092	5508	3.944
Homes	6.325	6.308	2.063	1.385
Mulleres	6.219	17.784	3.445	2.559
% mulleres	49,6%	73,8%	62,5%	64,9%

Fonte: IGE. Pensións non contributivas xestionadas en Galiza.

Agás nas pensións non contributivas por invalidez (que están ligadas a que se tivese un traballo anterior, pero sen cumprir todos os requisitos para unha prestación contributiva), no resto, as mulleres son maioría.

Este tipo de prestacións levan parello uns ingresos moi cativos: en torno aos 500 euros mensuais.

Natividad López Gromaz.

Gabinete Técnico Confederal